

Directrices da EDI en Ciencias da Saúde sobre a redacción de teses de doutoramento

Aspectos éticos

Desde que se puxeron en marcha as escolas de doutoramento na Universidade de Santiago de Compostela, tense acumulado experiencia sobre a información que conteñen as teses da área. Neste tempo tense detectado grandes diferenzas en como se abordan os aspectos éticos en diferentes teses. Debido ao carácter de documento público das teses de doutoramento e á especial relevancia que teñen os aspectos éticos na área de ciencias da saúde, o Comité de Dirección da Escola de Doutoramento en Ciencias da Saúde da Universidade de Santiago de Compostela decidiu facer as seguintes directrices sobre a inclusión de aspectos éticos nas teses de doutoramento que se presenten a esta escola.

- Aquelas teses que inclúan estudos que deban contar coa aprobación dun comité de ética da investigación especificarán que teñen esa aprobación, xunto co código de rexistro do estudo, no apartado de material e métodos. Recoméndase incluír unha copia do informe favorable na documentación que se achega xunto coa tese. Lémbrese que deben contar coa aprobación dun comité de ética, de forma xeral, todos os estudos que se realicen no ámbito da biomedicina e que impliquen a seres humanos, as súas mostras ou os seus datos de carácter persoal.
- Se a tese utiliza células troncais humanas, embrionarias ou inducidas, farase constar a autorización correspondente, incluíndo a súa referencia. Recoméndase tamén incluír a autorización na documentación que se achega xunto coa tese.
- Se a tese polo seu deseño entra na definición de ensaio clínico con medicamentos e/ou produtos sanitarios deberá contar coa autorización da *Agencia Española de Medicamentos y Productos Sanitarios* antes do inicio, o que se fará constar en material e métodos. Recoméndase incluír copia da autorización na documentación que se achega xunto coa tese.
- Para os estudos que se baseen na utilización de información xa existente e que non conteñan datos de carácter persoal, é dicir, baseados en información anónima, especificarase na tese que a información cumpre esas características e polo tanto o estudo non precisa da avaliación e informe previo do comité de ética da investigación.
- As teses que inclúan estudos con animais de experimentación incluírán na sección de Materiais e Métodos a referencia á lexislación vixente na materia, así como a seguinte información:
 - O número da autorización do proxecto de experimentación animal baixo o que se fixo a tese. Recoméndase incluír unha copia da autorización na documentación que se achega xunto coa tese.
 - O centro de usuario autorizado no que se fixo o traballo, indicando, de ser un centro español, o seu número de rexistro REGA.
 - Recoméndase incluír unha copia do certificado de capacitación (segundo a orde ECC/566/2015) do doutorando na documentación que se achega xunto coa tese. En caso de que o traballo con animais non tivese sido realizado polo doutorando indicárase esta circunstancia na sección de Materiais e Métodos, indicando a/s persoa/s, empresa ou servizo que o levou a cabo.
- As teses incluírán unha frase que indique se hai potenciais conflitos de intereses por parte do autor.

- As teses que se presenten por recompilación de artigos deberán ter unha mención específica aos aspectos éticos (por exemplo nun anexo), onde se incluírán as referencias das autorizacións correspondentes. Como nas outras teses, recoméndase incluír as copias das autorizacións na documentación que se achega xunto coa tese.

Imaxes non orixinais

Unha tese é unha publicación que finalmente terá un ISBN e estará rexistrada. Aínda que non é habitual que haxa unha ganancia comercial, pode habela posto que a USC a incluírá entre as súas publicacións.

Tense observado que moitas figuras non orixinais das teses de doutoramento non están referenciadas e non se fai referencia ao seu copyright. Tendo en conta o explicado, advírtese que se debe especificar a orixe das figuras non orixinais e obter os permisos adecuados en caso de ser necesario, engadindo o modo do seu uso legal no pé de figura.

Como **axuda**, explicar que para utilizar legalmente unha figura allea hai catro posibilidades:

- Algunhas editoriais especifican entre as súas normas que se poden usar as súas figuras se se cumpren certas condicións sen pedir permiso. Se este é o caso, deberase especificar no pé de figura: (Permitido por ...-ESCRIBIR EDITORIAL-...)
- Pedir permiso: En moitas editoriais ou Sociedades Científicas propietarias do copyright, na versión electrónica dunha figura dun artigo hai un enlace inmediato que leva a un formulario para solicitar o uso. En xeral, o dan inmediatamente (contestan en aprox. 24 horas) cando non hai un uso comercial directo. (Deberase entón especificar no pé de figura: Con permiso de ...-ESCRIBIR EDITORIAL-)
- Hai unha excepción na lei do Copyright, cando se usan só pequenos fragmentos dunha figura completa, e se modifican substancialmente. (Deberase citar como "Modificado de" ...ESCRIBIR CITA..." pero o fragmento **debe ser moi pequeno**, porque xa houbo xuízos ao respecto)

Fóra do anterior, existe a posibilidade alternativa de utilizar figuras libres ("free" , Open Access ou con licencia Creative Commons (tipo todas as do Plos One por ex)). Hai varias bases de datos que recollen imaxes médicas, onde se poden buscar as convenientes. Por exemplo no NIH, o **Open-I** ten un buscador que permite incluso elixir figuras segundo o tipo de licencia que teñan elixido os seus autores (Share-alike probablemente sería o adecuado aquí). (Deberase especificar no pé de figura: Licencia Creative Commons ou CC)

O Presidente do Comité de Dirección

da EDI en Ciencias da Saúde



Juan B. Zalvide Torrente